Consonte ao anteriormente exposto e ao recollido na base 10ª da convocatoria “concesión e resolución das axudas”, o servizo municipal de educación eleva á Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución que inclúe relación das 72 bolsas concedidas (desglosadas por idiomas), 79 solicitudes denegadas con indicación do motivo, e 17 solicitudes en lista de agarda (desglosadas por idiomas). Esta proposta de resolución das prazas a adxudicar e as solicitudes incluídas na lista de agarda, ordénanse conforme á puntuación xeral obtida, determinada pola aplicación dos criterios de valoración establecidos na base 8ª da convocatoria. Igualmente propónse que no caso de producirse baixas en calquera dos idiomas de francés, alemán, italiano e portugués, e cumprida a condición de ter esgotada a súa respectiva lista de agarda; as bolsas vacantes que se puideran xerar, engadiranse ao idioma de inglés e polo tanto poderán resultar beneficiarios/as aqueles integrantes que lles corresponda, dos incluídos na lista de agarda de inglés. A Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 21 de decembro de 2011, aprobou a listaxe definitiva de bolsas concedidas, denegadas e en lista de agarda, para estancias lingüísticas no estranxeiro do alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, curso 2011-2012 (Expte. 3190/332). O reclamante Esteban Fontán Bernárdez queda incluído no posto nº 6 da lista de agarda do idioma de inglés cunha puntuación total obtida de 2,7.

En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

1. Desestimar, polos motivos que se citan no informe do Xefe do Servizo de Educación, conformado pola concelleira delegada, de data 02/02/2012, o recurso de reposición interposto por Esteban Fontán Bernárdez, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21/12/2012 da resolución da convocatoria das bolsas “Alcaldía de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da escola oficial de idiomas, curso 2011-2012 (Expte. 3190/332).
2. Indicar ao interesado que o acordo que se lle notifica, pon fin á vía administrativa, ao abeiro do establecido no artigo 109.c da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, segundo o previsto nos artigos 1,8,25.1, e 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa e 116 e concordantes da Lei 30/92, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da recepción do presente acordo; sen prexuízo da interposición polo interesado de calquera outro recurso que estime procedente conforme a dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **10(193).- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E OS AXENTES SOCIAIS AJE, APE, CCOO, CEP, CIG E UXT PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “IMOS TRABALLAR II”. EXPTE. 8675/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.01.12, e de acordo co informe-proposta do xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 11.01.12, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que se acompaña, entre o Concello de Vigo e os axentes sociais CEP, APE, AJE, CCOO, CIG e UGT para o desenvolvemento das accións enmarcadas dentro do Proxecto "IMOS TRABALLAR II".

2º.- Autorizar que o Concello de Vigo ceda parte do financiamento asigando pola Ministerio de Política Territorial y Administraciones Públicas ós axentes sociais CEP, APE, AJE, CCOO, CIG e UGT para a execución das accións formativas do Proxecto IMOS TRABALLAR II por un montante de 385.570,16 € para o ano 2012, que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 2410 48900005 " Convenios Axentes Sociais Imos Traballar II".

3º.- Facultar ao concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá para asinar os citados convenios.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO A TRAVÉS DA ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL , EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ E ..... , PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO IMOS TRABALLAR II, PROXECTO Nº 115 , ENMARCADO NAS AXUDAS CON CARGO AO FONDO SOCIAL EUROPEO DENTRO DO PROGRAMA OPERATIVO ADAPTABILIDAD E EMPREGO.

En Vigo, o día ..... de ..... de dous mil once

REUNIDOS:

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez como Alcalde de Vigo, actuando en nome e representación do Concello de Vigo, ao amparo das facultades que lle concede o seu nomeamento o 11 de xuño de 2011.

Doutra, D. ...., como ..... en representación da mesma, ao amparo das facultades que se lle concederon en .....

DECLARAN:

Que o Concello de Vigo e, en concreto, a área de Desenvolvemento local, Emprego e Participación Cidadá, no ámbito das atribucións de competencias, correspóndelle o exercicio das funcións atribuídas, en base o decreto de delegación de 13 de xuño de 2011.

Que foi presentado á convocatoria do Ministerio de Política Territorial y Administraciones Públicas de axuda con cargo ao Fondo Social Europeo-Período 2011-2013, convocatoria 2011, prevista no correspondente P.O. de Adaptabilidad e Emprego, dirixido a fomentar pactos, redes, asociacións e apoio ás iniciativas locais para o emprego e a inclusión social, o proxecto Imos Traballar, con número115.

Que dito proxecto foi aprobado mediante resolución de 22 de xuño de 2011, pola Secretaría de Estado de Cooperación Territorial, pola que se resolveron as solicitudes de subvención formuladas ao amparo da convocatoria 2011 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2012-2014.

Que no desenvolvemento do proxecto, o Concello de Vigo, realiza diversas funcións de asesoramento, dirección do pacto, difusión das actividades e participación nos órganos de control e xes-



tión, así como apoia o financiamento do proxecto, polo seu interese de mellorar o emprego na cidade de Vigo.

En consecuencia, ambos os organismos conveñen establecer o presente acordo de colaboración, segundo as seguintes

## CLÁUSULAS

*PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre Concello de Vigo e ....., para a execución de diversas actividades do proxecto "Imos Traballar II", ao amparo da convocatoria 2011 para a concesión das axudas do Fondo Social Europeo durante o período de intervención 2011-2013, que foi aprobado por decisión do Comité de Valoración da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial con data 21 de xuño de 2011.*

*SEGUNDA.- As actividades a desenvolver no marco do programa son as previstas no proxecto "Imos Traballar II" e na solicitude de participación, coas contías globais de gasto alí establecidas, conforme se detallan no anexo I do presente convenio.*

*TERCEIRA.- O desenvolvemento das actividades axustarase ao programa e á duración establecida no proxecto aprobado anexo a este convenio, o establecido na solicitude de participación, no Programa Operativo de Adaptabilidade e Emprego, o indicado na decisión de aprobación e nas instrucións que no seguimento do proxecto poidan aprobarse.*

*A entidade ....., poderá subcontratar ata un máximo do 80% da contía global da subvención concedida polo Concello de Vigo para desenvolver as diferentes actividades descritas no Anexo I deste convenio, aos efectos de dar cumprimento ao artigo 29 da Ley General de Subvenciones (Ley 38/2003) de 17 de novembro.*

*CUARTA.- Para o seguimento global e os temas que requiran modificacións do proxecto aprobado, crearase unha Comisión de Seguimento, formada polo Concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, un representante de ..... e un/ha funcionario/a do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego que actuará como secretario/a.*

*As reunións desta Comisión celebraranse a solicitude dalgunha das partes ou previo ás solicitudes de pago, coa finalidade de realizar a correspondente certificación.*

*QUINTA.- Se no desenvolvemento do programa aparecesen circunstancias que aconsellasen modificar os detalles e condicións establecidas neste convenio en relación coa participación no proxecto Imos Traballar, esta poderá ser aprobada polo Alcalde de Vigo logo de solicitude e xustificación da proposta, sempre que a devandita modificación non supoña incremento do importe total do convenio nin variación substancial do obxecto do proxecto aprobado polo Ministerio de Política Territorial y Administraciones Públicas.*

*SEXTA.- Os membros de ..... destinarán a realizar este proxecto, de entre o seu persoal, aquel que sexa necesario para a correcta realización das accións programadas, contratando aquel do que non dispoña, sen que en ningún momento signifique relación laboral ou doutro tipo co Concello de Vigo.*

*Os membros de ....., están obrigados ao cumprimento das disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, da Seguridade Social, de Seguridade e Hixiene no traballo e cantas outras disposicións en vigor lle sexan de aplicación.*

*SÉTIMA.- Dentro da xestión do proxecto atenderase especialmente a formación dos/as usuarios/as, a súa tutorización e seguimento, a información sobre cada actuación e a difusión dos resultados aos colectivos máis desfavorecidos da cidade de Vigo, co fin de fomentar a súa participación no proxecto.*

*OITAVA.- En todas as actividades de carácter público e en todo o material que se utilice tanto para a divulgación do proxecto como para a súa execución, adoptaranse as medidas de identificación, información e publicidade que se prevén no artigo 69 do Regulamento (CE) 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006 e nos artigos 2 a 10 do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro sobre as actividades de información e publicidade que deben levar a cabo os Estados membros en relación coas intervencións dos Fondos Estruturais.*

*En calquera caso as actuacións en materia de información e publicidade que se acometan polas Entidades beneficiarias dirixidas tanto ao público en xeral como aos desempregados participantes nos proxectos, deberán indicar claramente a participación da Unión Europea (a través do Fondo Social Europeo) na cofinanciación dos mesmos.*

*O Concello de Vigo poderá utilizar libremente para os seus fins propios os produtos que se obteñan como consecuencia deste proxecto, para o que lles será facilitada unha copia no formato que se indique polos servizos técnicos do Concello.*

*NOVENA.- O Concello de Vigo cederá parte do financiamento que se lle asignou desde o Ministerio de Política Territorial y Administraciones Públicas a ..... para que o designe ao financiamento de actividades do proxecto "Imos Traballar II", por importe de ..... (..... €), dos que a cantidade de ..... (..... €), corresponderán á anualidade de 2012 que se financiarán con cargo á partida orzamentaria 2410 48900005 do orzamento en vigor para este ano, para a realización de actividades en Vigo durante a duración do proxecto.*

*Aos efectos do abono de devandita cantidade, a Comisión de Seguimento, a entidade ..... certificará ante o Concello de Vigo a realización das accións conforme ao establecido no proxecto aprobado. Para o pago achegarase:*

- *Documentación acreditativa de estar ao día das súas Obrigacións Tributarias Estatais e Autonómicas e da Seguridade Social, e que non teñan pendente de pago ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública.*
- *Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.*
- *A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Promoción Económica e Emprego que forme parte da Comisión de Seguimento, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se porá non de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou daquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:*

*a) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará se é posible, a seguinte información:*

- *Denominación do curso, proxecto ou gasto subvencionado*

- *Datas e lugar de celebración.*
- *Colectivo afectado, número de beneficiarios/as e programación desenvolvida.*
- *Nos cursos de formación, añadirase ao anterior en folla aparte o programa do curso, horas de formación e a identificación dos/as participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, dirección e número de teléfono.*
- *Actuacións realizadas.*
- *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*

*b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*

- *Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, ou o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*
- *Facturas orixinais, polo importe total da subvención outorgada. Devanditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*
- *Número e no seu caso serie.*
- *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
- *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
- *Dirección (tanto do expendedor como do tomador da factura)*
- *Descrición detallada cos prezos unitarios, e se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
- *Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarase o documento xustificativo de tal situación.*
- *Lugar e data de emisión.*
- *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*

*Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a contía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.*

*DÉCIMA.- A entidade ....., á finalización de cada trimestre natural, comprométese a entregar ao Concello de Vigo unha certificación de gasto e pago de cada unha das actividades realizadas. Para iso, fornecerá ao Concello de Vigo a información que lle sexa requirida a través dun sistema informático de seguimento dos gastos das operacións, remitindo a devandito organismo a xustificación documental que se determine nas instrucións que lle sexan facilitadas. Unha vez comprobada que a certificación é correcta, o Concello de Vigo abonaralle en concepto de adianto á entidade ..... o importe correspondente á cantidade certificada.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- A xustificación dos gastos das accións realizadas pola ..... estará soportada en pezas contables que serán conservadas pola mesma, tendo en conta todas as disposicións aplicables aos Fondos Estruturais en materia de elexibilidade, xestión e control, así como os sistemas de xestión e control establecidos pola autoridade de xestión do Programa, o Organismo intermedio e, no seu caso, os aprobados pola Comisión relativos á intervención.*

*Neste sentido, a entidade ..... deberá:*

- *Manter un sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada de todas as transaccións relacionadas cos proxectos subvencionados a través destas axudas do FSE.*
- *Garantir a dispoñibilidade física da documentación xustificativa correspondente aos gastos*
- *elexibles certificados, durante o tempo previsto no artigo 90 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 do Consello de 11 de xullo de 2006. e o artigo 19 do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, de 8 de decembro. A devanditos efectos conservaranse os orixinais dos documentos ou copias certificadas conformes cos orixinais sobre soportes de datos xeralmente aceptados.*

*DÉCIMO SEGUNDA.- Á finalización do convenio, entregarase a memoria de actividades realizadas cos seguintes contidos mínimos:*

- *Descrición xeral das medidas e accións levadas a cabo e os seus obxectivos.*
- *Relación de accións realizadas, con indicación do tipo de accións, número de beneficiarios, duración e lugares de realización.*
- *Sistemas implantados para o control financeiro con indicación dos responsables do mesmo.*
- *Criterios e mecanismos de seguimento e avaliación.*

*DÉCIMO TERCEIRA.- En calquera momento, durante a vixencia do Convenio, o Concello de Vigo poderá efectuar as comprobacións e realizar as inspeccións que estime convenientes ao obxecto de comprobar a realidade da execución do proxecto.*

*DÉCIMO CUARTA.- Calquera incumprimento das estipulaciones establecidas neste convenio, a entrega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto para fins distintos dos estipulados no mesmo, terán carácter liberatorio para o Concello respecto dos compromisos contraídos con....., e dará lugar á rescisión automática do presente convenio e á devolución das cantidades percibidas de acordo co Decreto 3/1997, de 9 de xaneiro polo que se regula o réxime de devolución de subvencións na Comunidade Autónoma de Galicia.*

*DÉCIMO QUINTA.- O convenio poderá ser denunciado polas partes, cun aviso previo de tres meses de anticipación. Neste caso, finalizaranse as actividades que estean realizándose, non podendo iniciarse ningunha desde a notificación do aviso previo.*

*DÉCIMO SEXTA.- O presente Convenio ten natureza administrativa, así, en caso de controversia sobre a interpretación e execución das cláusulas do mesmo, estas resolveranse por unha comisión formada por un representante de cada unha das partes asinantes e unha terceira persoa designada de común acordo por ambas as partes. No suposto de diverxencias na interpretación e execución do mesmo, será a orde xurisdiccional contencioso- administrativo o competente para a súa resolución.*

*DÉCIMO SÉTIMA.- A duración do presente convenio sera de vinte catro meses dende a sinatura do presente convenio, sen posibilidade de prórroga, manténdose en vigor en tanto non se finalicen as accións iniciadas antes da finalización da data final.*

*O presente convenio entrará en vigor o día seguinte á súa sinatura.*

*POLO CONCELLO DE VIGO*

*POLA .....*

*Excmo. Sr. D. Abel Caballero  
Alcalde de Vigo*

*D. ....*

**11(194).- PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DE “AMPLIACIÓN ABASTECIMIENTO AO MORRAZO DENDE VIGO”. EXPTE. 64549/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 15.02.12, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar técnicamene o “Proxecto Modificado Nº1 de Ampliación do Abastecemento ao Morrazo dende Vigo”.

2º.- Aprobar o Plan de Tráfico que se achega xunto co expediente.

3º.- Extender as condicións da autorización concedida no seu día pola Xunta de Goberno Local, polas obras derivadas das modificacións do primitivo proxecto a que se refire o apartado primeiro deste acordo.

4º.- Notificar a presente aprobación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras –Augas de Galicia - Servizo Territorial Zona Galicia Sur, ofrecéndolle, contra este acordo, os recursos previstos na lexislación vixente .

**12(195).- AUTORIZACIÓN AO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER PARA ORGANIZAR, CON MOTIVO DO 8 DE MARZO “DIA INTERNACIONAL DA MJULLER” ACTIVIDADES LÚDICAS NA PRZA. DA CONSTITUCIÓN O SÁBADO 3 E MANIFESTACIÓN O XOVES 8 DE MARZO. EXPTE. 5403/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 10.01.12, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar ao Consello Municipal da Muller a organizar o xoves 8 de marzo de 2012, a manifestación polo 8 de marzo, “Día Internacional da Muller”; dita manifestación comezará ás 20.00h, e rematará as 21.30 h aproximadamente, tendo a saída na rúa Urzaiz, núm.2 percorrendo varias rúas ata o remate na Praza da Constitución.

2º.- Autorizar ao Consello Municipal da Muller a organizar o sábado 3 de marzo de 2012, actividades lúdicas e de concienciación a prol da igualdade na Praza da Constitución; dita actividade comezará ás 13.00 h e rematará ás 19.00 h aproximadamente.

**13(196).- 4º REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO PARA O TRATAMENTO DOS RSU DE VIGO CON SOGAMA. EXPTE. 3272/252.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 30.01.12, conformado pola concelleira de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación, a xefa do Servizo de fiscalización e o interventor xeral, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local en sesión de 23 de xuño de 2008 adxudicou á Sociedade Galega de Medio Ambiente S.A., o Contrato de xestión do servizo de tratamento dos R.S.U., da cidade de Vigo mediante concesión de Servizo Público pola forma de concerto cun prezo por tonelada de lixo tratado de 53,92 € IVE engadido, e un importe total anual de contrato de 7.065.053 €, elo en base aos pregos das Cláusulas Administrativas e de Condicións Técnicas aprobados pola XGL o 29 de abril de 2008 e a oferta presentada polo adxudicatario.*

*En data 30 de xuño de 2008 asinouse o Contrato entre o Concello de Vigo e a Mercantil SOGAMA para a xestión do servizo de tratamento dos R.S.U. da cidade que entre outras inclúe as seguintes cláusulas:*

*3.- A primeira revisión de prezos terá lugar o día 1 de xaneiro de 2009 segundo ao disposto no apartado 3.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e dacordo coa oferta presentada polo contratista.*

*5.- O prazo do Contrato será de dous anos, puidéndose prorrogar por periodos anuais ata un máximo de dous.*

*En relación ás prórrogas, na sesión do 28 de maio de 2010 a Xunta de Goberno Local acordou prorrogar por primeira vez o Contrato da xestión dos R.S.U. da cidade de Vigo coa mercantil SOGAMA para o periodo comprendido entre o 01 de xullo de 2010 e o 30 de xuño de 2011, e na sesión do 2 de maio de 2011 a XGL acordou prorrogar por segunda vez o contrato con SOGAMA para o periodo comprendido entre o 1 de xullo de 2011 e o 30 de xuño de 2012. Conforme a isto o contrato está actualmente en vigor.*

*No tocante á Cláusula 3ª do Prego de cláusulas administrativas relativa á revisión de prezos do contrato, a XGL en sesión de 18 de marzo de 2011 acordou revisar o prezo do Contrato fixándoo a partir do día 1 de xaneiro de 2011 na cantidade de 53,06 €/Tn, 57,30 €/Tn. IVE engadido.*

*Dado que, conforme á Cláusula 3.4) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexeron á contratación, quedou establecido que o canon a aboar polo Concello de Vigo á empresa será revisado e actualizado o día 1 de xaneiro de cada ano da vixencia do contrato recollendo a variación do IPC do ano inmediatamente anterior. É polo que procede neste momento efectuar a Revisión Ordinaria do Prezo do Contrato, con efecto a partir do día 1 de xaneiro do ano 2012 aplicando o incremento do IPC de decembro de 2010 a decembro de 2011, que é do 2,4% segundo certifica a Delegación Provincial do Instituto Nacional de Estatística.*

*53,06 €/tn. x 1,024 = 54,33 €/tn.*

*54,33 €/tn. x 1,08 = 58,68 €/tn (IVE engadido)*

*Polo anteriormente exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previo informe da Intervención Xeral a adopción do seguinte ACORDO*

*Aprobar a 4ª revisión de prezos do Contrato do servizo de tratamento dos Residuos Sólidos Urbáns da cidade de Vigo, adxudicado á mercantil SOGAMA por acordo da XGL de 23 de xaneiro de 2008, fixando o prezo do mesmo dende o día 1 de xaneiro do ano 2012 na cantidade de 58,68 €/Tn. IVE (8%) engadido.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(197).- PROGRAMA DE SENSIBILIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL A TRAVÉS DAS RUTAS MEDIOAMBIENTAIS POR VIGO E BISBARRA XANEIRO-MARZO 2012. EXPTE. 8314/306.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 13.02.12, conformado pola concelleira de Medio Ambiente e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o programa de sensibilización e educación medioambiental: rutas por Vigo e bisbarra, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 10 de febreiro de 2012, que recolle seis rutas medioambientais por Vigo e Bisbarra para un total de 1.800 participantes, que se desenvolveran os días 19 e 26 de febreiro, 4, 11, 18 e 25 marzo, de 2012, cun orzamento total da actividade de 28.823 euros, con cargo á partida orzamentaria 1720.227.99.08.

Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante que ascende a 3 euros (18,735 %), de conformidade co estudo técnico que se contén no programa.

Terceiro.- A recadación do prezo efectuarase na forma que determine a Tesourería municipal.

Cuarto.- Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

**15(198).- CONVALIDACIÓN DE GASTO PARA O PAGAMENTO DA FACTURA DA ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS POR MOR DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E ATENCIÓN DO REFUXIO DE ANIMAIS DO MES DE XANEIRO DE 2012. EXPTE. 8298/306.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.02.12, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 8.02.12, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

Único.- Aprobar a indemnización substitutiva a prol da Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Vigo, con C.I.F.: G-36.638.955, correspondente á factura do mes de xaneiro de data 03/02/2012 (doc. 120012328) polo concepto de "Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Asociación Protectora de Animais e Prantas" por importe de 8.000 euros, con imputación á partida 1720.227.99.04 do orzamento en vigor.

**16(199).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA DE CARREIRA DE D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> PILAR VILABY FREIRE, CON CARGO A PRAZA VACANTE DE TÉCNICA AUXILIAR DE BIBLIOTECAS CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2008. EXPTE. 22817/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 14.02.12, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Nomear funcionaria de carreira, con cargo á praza vacante de Técnico/a Auxiliar de Bibliotecas, a seguinte aspirante proposta polo órgano de selección, que superou todos os exercicios da oposición e obtivo a máxima cualificación -17,101 puntos-, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. PILAR VILABOY FREIRE, con DNI nº 32.646.445-S.

O presente nomeamento únicamente terá efectos coa formalización da toma de posesión como funcionaria de carreira, que deberá realizarse no prazo dun mes a contar dende a notificación do presente acordo, debendo publicarse, unha vez efectuada, no Diario Oficial de Galicia.

Segundo.- O presente acordo notifíquese a interesada, Intervención Xeral, Tesourería Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Organización e Planificación de RR.HH.), xefe/a do Servizo de Cultura e Bibliotecas e, Comité de Persoal.

Terceiro.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

**17(200).- PROPOSTA DE CESE DE DOCE AUXILIARES DE ADMINISTRACIÓN XERAL NOMEADOS/AS INTERINOS CON CARGO A PRAZAS VACANTES INCLÚIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE AO ANO 2008. EXPTE. 22816/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 11.02.12,



conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. SOFIA PREGO DE OLIVER DE CASTRO, DNI nº 34.995.533-K e núm. de persoal 80626, con efectos económicos e administrativos do día 29 febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao nomeamento como funcionarias de carreira das aspirantes que resultaron aptas no proceso selectivo de auxiliares de administración xeral incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, con cargo a cal foi Vde. nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2007”.

Segundo.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. BEATRIZ A. FERNÁNDEZ IGLESIAS, DNI nº 36.053.544-D e núm. de persoal 80629, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao nomeamento como funcionarias de carreira das aspirantes que resultaron aptas no proceso selectivo da auxiliares de administración xeral incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, con cargo a cal foi Vde. nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de decembro de 2007”.

Terceiro.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. EVA PEREIRA FONTÁN, DNI nº 36.148.357-Q e núm. de persoal 80166, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao nomeamento como funcionarias de carreira das aspirantes que resultaron aptas no proceso selectivo de auxiliares de administración xeral incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, con cargo a cal foi Vde. nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de abril de 2008”.

Cuarto.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa o funcionario interino D<sup>a</sup>. BENIGNO PARAPAR LÓPEZ, DNI nº 33.258.028-M e núm. de persoal 80669, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao nomeamento como funcionarias de carreira das aspirantes que resultaron aptas no proceso selectivo de auxiliares de administración xeral incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, con cargo a cal foi Vde. nomeado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de abril de 2008”.

Quinto.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. JESÚS LORENZO NÚÑEZ, DNI nº 36.054.381-H e núm. de persoal 77905, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Go-

berno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao nomeamento como funcionarias de carreira das aspirantes que resultaron aptas no proceso selectivo de auxiliares de administración xeral incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, con cargo a cal foi Vde. nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de abril de 2008”.

Sexto.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. AUREA DE LAS MERCEDES CERVIÑO MONTENEGRO, DNI nº 36.101.950-T e núm. de persoal 79813, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao nomeamento como funcionarias de carreira das aspirantes que resultaron aptas no proceso selectivo de auxiliares de administración xeral incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, con cargo a cal foi Vde. nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de abril de 2008”.

Sétimo.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. SURAYMA AMOEDO RODRÍGUEZ, DNI nº 76.991.512-R e núm. de persoal 80699, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao nomeamento como funcionarias de carreira das aspirantes que resultaron aptas no proceso selectivo de auxiliares de administración xeral incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, con cargo a cal foi Vde. nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de febreiro de 2009”.

Oitavo.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. DOLOREZ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, DNI nº 36.082.249-X e núm. de persoal 81002, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao nomeamento como funcionarias de carreira das aspirantes que resultaron aptas no proceso selectivo de auxiliares de administración xeral incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, con cargo a cal foi Vde. nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de marzo de 2009”.

Noveno.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. SUSANA VÁZQUEZ BARBOSA, DNI nº 34.965.732-M e núm. de persoal 80617, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao nomeamento como funcionarias de carreira das aspirantes que resultaron aptas no proceso selectivo de auxiliares de administración xeral incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, con cargo a cal foi Vde. nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de novembro de 2009”.

Décimo.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. EVA MARÍA ROCHA GONZÁLEZ, DNI nº 76.994.143-X e núm. de persoal 80991, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao nomeamento como funcionarias de carreira das aspirantes que resultaron aptas no proceso selectivo de auxiliares de administración xeral incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, con cargo a cal foi Vde. nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de decembro de 2009”.

Décimo-primeiro.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. N. BEATRIZ VEIGA GONZÁLEZ, DNI nº \*\*\*\*4912\* e núm. de persoal 81049, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao nomeamento como funcionarias de carreira das aspirantes que resultaron aptas no proceso selectivo de auxiliares de administración xeral incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, con cargo a cal foi Vde. nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de decembro de 2009”.

Duodécimo.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. R. VALLADARES VARELA, DNI nº \*\*\*\*4379\* e núm. de persoal 81292, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao nomeamento como funcionarias de carreira das aspirantes que resultaron aptas no proceso selectivo de auxiliares de administración xeral incluídos na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, con cargo a cal foi Vde. nomeada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro de 2010”.

Décimo-terceiro.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. E. GARCÍA GUNTIÑAS, DNI nº \*\*\*\*0119\* e núm. de persoal 79157, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao seu nomeamento como funcionaria de carreira con cargo a referida praza vacante.

Décimo-cuarto.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. L. ALONSO CRESPO, DNI nº \*\*\*\*7479\* e núm. de persoal 81289, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao seu nomeamento como funcionaria de carreira con cargo a referida praza vacante.

Décimo-quinto.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. A. LANDÍN LORENZO, DNI nº \*\*\*\*1654\* e núm. de persoal 81470, con efectos económicos e administrati-

vos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao seu nomeamento como funcionaria de carreira con cargo a referida praza vacante.

Décimo-sexto.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. M.<sup>a</sup>.I. IGLESIAS LÓPEZ, DNI nº \*\*\*\*4450\* e núm. de persoal 80647, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao seu nomeamento como funcionaria de carreira con cargo a praza vacante de Administrativa de Administración Xeral.

Décimo-sétimo.- Cesar por imperativo legal, na praza de Auxiliar de Administración Xeral que actualmente ocupa a funcionaria interina D<sup>a</sup>. B. BILBAO ECHEGARAY, DNI nº \*\*\*\*0314\* e núm. de persoal 77323, con efectos económicos e administrativos do día 29 de febreiro de 2012, toda vez que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 10 de febreiro de 2012 procedeuse ao seu nomeamento como funcionaria de carreira como Administrativa de Administración Xeral.”

Décimo-oitavo.- Notificar o presente acordo ó/ás interesado/as, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos, Técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, Xefes dos Servizos e Áreas afectadas e, Comité de Persoal.

Décimo-noveno.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.

**18(201).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO SR. CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 3.02.12, DE ACEPTACIÓN RENUNCIA DE D. JUAN CARLOS GONZÁLEZ VILA (PEÓN-UTIL). EXPTE. 22805/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de xestión municipal, do 3.02.12, que di o seguinte:

*Con data 27 de xaneiro, D. Juan Carlos González Vila, con DNI 36.112.402-X, Peón do Programa UTIL, presenta solicitude de renuncia a dito posto con efectos de 30 de xaneiro de 2012.*

*Con data 3 de febreiro o Xefe de Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego remítese escrito no que solicita se acepte dita renuncia.*

*A interesada foi contratada como peón con data 1 de agosto de 2011, dentro do programa de inserción laboral UTIL.*

*De conformidade co previsto no art. 11 en relación co art. 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, o cese do persoal das administracións públicas produci-rase pola renuncia que deberá ser manifestada por escrito e aceptada expresamente pola Admi-nistración, así como os art. 49 e 50 do Estatuto dos Traballadores.*

*Por isto, no uso das competencias que a lexislación vixente en materia de réxime local atribúe á Alcaldía-Presidentencia en canto á superior dirección do persoal municipal, preceptuadas no art. 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostento por delegación do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, efectuada en Decreto de 17 de xuño de 2011,*

#### **R E S O L V O :**

*Aceptar a renuncia presentada con data 27 de xaneiro de 2012 de D. Juan Carlos González Vila, con DNI 36112402-X, nº de persoal 82044, contratado como peón dentro do programa de inserción laboral UTIL, con efectos do día 30 de xaneiro de 2012, de conformidade co previsto no art. 11 en relación co 64.1 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, así como os arts. 49 e 50 do Estatuto do Traballador.*

*A presente resolución notifíquese á interesada, Xefatura de Desenvolvemento Local e Emprego, Xefatura de Área de Réxime Interior, Servizo de Recursos-Humanos (Negociado de Seguridade Social e Inspector de Persoal), Intervención Xeral aos efectos da súa baixa na nómina municipal, debéndo darse conta a Xunta de Goberno Local.*

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **19(202).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO SR. CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 9.02.12 DE CUMPRIMENTO DE SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO PROMOVIDO A INSTANCIA DE D<sup>a</sup> ANA M<sup>a</sup> QUIRÓS GARCÍA. EXPTE. 22807/220.**

Dáse conta da resolución do concelleiro-delegado da Área de xestión municipal, do 9.02.12, que di o seguinte:

*Con data 23/11/2011, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo dictou Sentenza nº 394/2011 no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) 268/2011, promovido a instancia de D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Quirós García fronte a este Concello contra resolución do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 05/08/2011, sobre flexibilidade horaria, en cuxo fallo dispónse:*

*“Que estimando como estimo en parte el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D<sup>a</sup> ANA-MARIA QUIRÓS GARCÍA, frente al CONCELLO DE VIGO, seguido como PROCESO ABREVIADO número 268/2011 ante este Juzgado, contra el acto administrativo citado en el encabezamiento, lo anulo parcialmente, en el siguiente sentido: partiendo del reconocimiento a la flexibilización de su jornada laboral, concretada en tres horas a la semana, se desarrollará del siguiente modo: comenzará su jornada laboral diaria a las 7,30 horas, finalizándola a las 14 horas*

los lunes, miércoles y jueves; los martes terminará en el horario habitual (15 horas) y los viernes a las 15,30 horas.

*Situación jurídica que se mantendrá con el carácter provisional contenido en la resolución impugnada."*

*A dita resolución xudicial resulta ser firme, dada a falta de interposición de recurso en prazo por parte da representación legal do Concello.*

*En data 26/01/2012 recíbese na Asesoría Xurídica Municipal auto xudicial requirindo a este Concello para que se leve a efecto o acordado na referida sentenza.*

*En consecuencia, e vistas as competencias que o Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto á planificación de recursos humanos, xestión do persoal municipal e ao cumprimento dos mandatos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, segundo Decreto de delegación de competencias do Excmo. Sr. Alcalde do 13/06/2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de 17/06/2011, pola presente*

**R E S O L V O :**

*Primeiro.- Dar cumprimento á Sentenza nº 394/2011, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) 268/2011, promovido a instancia de D<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Quirós García, nos termos expresados no fallo literal da mesma, o cal efectúa o recoñecemento á flexibilización da xornada laboral da recorrente, dispoñendo en consecuencia a autorización, por imperativo xudicial, do seguinte horario: "comezará a súa xornada laboral diaria ás 7,30 horas, finalizandoa ás 14 horas os lúns, mercores e xoves; os martes rematará no horario habitual (15 horas) e os venres ás 15,30 horas", nos termos da propia sentenza.*

*Terceiro.- Dispoñer que a presente situación de flexibilidade horaria manterase co carácter provisional contido na resolución xudicial obxecto de cumprimento, tendo efectos a mesma dende o 26/01/2012.*

*Cuarto.- Da presente resolución dese conta ó Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo ós oportunos efectos en relación co auto que se executa, a través da Asesoría Xurídica Municipal, notificando asemade á interesada, Sr. Xefe da Administración de Tributos, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos aos efectos que procedan, dado conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento."*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**20(203).- APROBACIÓN DA MEMORIA -PROGRAMA E FICHA, MODIFICADAS, DE ACTUACIÓNS SEGUNDO O ARTIGO 48 DO RD 2066/2008 PARA REHABILITACIÓNS NO CASCO HISTÓRICO DE BOUZAS- VIGO. EXPTE. 502/431.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 10.02.12, conformado pola concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, que di o seguinte:

## I. FEITOS/ANTECEDENTES

1. En datas 26.02.2004, 27.04.2006, 23.04.2007, 08.11.2007 e 08.12.2008 asináronse os convenios de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo dentro da "Área de Rehabilitación Barrio Histórico de Vigo - Bouzas" para as fases 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª dentro do Plan de Vivenda 2005-2008. Con datas 22.02.2010 e 29.04.2011 asínanse os convenios correspondentes ás fases 6ª e 7ª para o mesmo ámbito, dentro do Plan de Vivenda 2009-2012.
2. En data 30.09.02 o pleno do Concello aproba o Pepri do barrio histórico de Bouzas que se publica no B.O.P. o 26.11.02
3. En data 30.03.09 o Alcalde –presidente do Concello de Vigo a requerimento dos convenios asinados declara a vontade do Concello de Vigo de acollerse ao Programa de axudas a instrumentos de información e xestión do Plan Vivenda e rehabilitación 2009-2012.
4. En data 21.12.2011 recíbese unha comunicación da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras solicitando Memoria - programa para os obxectivos 2011 da Área de Rehabilitación Integral de Casco Histórico de Bouzas, para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Fomento e informando a concesión a este Concello de 25 actuacións cunha financiación máxima para equipos técnicos adscritos de 21.875€ distribuídas segundo o 50% no 2012 e 50% no 2013, e financiación de obras de rehabilitación segundo as porcentaxes de 20% en 2013, 30% no 2014 e 50% no 2015 da contía total destinada á rehabilitación, e cunha subvención para obras de urbanización e reurbanización do 100% da contía subvencionable a recibir en 2016.
5. No artigo 48 do R.D. 2066/2008 de 12 de decembro , polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación establécese que a subvención media máxima do Ministerio de Fomento será até o 40% do custo total de rehabilitación de edificios e vivendas cunha contía máxima de 5.000 euros, e até o 20 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 20% da subvención de rehabilitación.
6. No artigo 46 do D. 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012, establece que a subvención media máxima complementaria ás do Ministerio de Fomento, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, con cargo aos seus orzamentos será de até o 40% do orzamento protexido das obras de rehabilitación de edificios e vivendas, sen que a subvención media poida exceder de 5.000 euros, e até o 20 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 20% da subvención de rehabilitación.
7. En data 20.07.09, publícase convenio de Colaboración, entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a aplicación do Plan estatal de Vivenda e rehabilitación 2009-2012. Na cláusula cuarta "actuaciónes a cargo de la Comunidad autónoma", punto 6.3 referido a Áreas de rehabilitación integral en barrios degradados e centros urbanos con carácter complementario ás axudas estatais previstas no RD 2066/2008 en materia de rehabilitación será ata o 40% do orzamento protexido da rehabilitación de edificios e vivendas sen que a subvención media exceda de 5.000 euros por vivenda, e ata o 20 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 20% da subvención de rehabilitación.
8. En data 18.01.2012 celébrase a 6ª Comisión de Avaliación da Oficina de Rehabilitación da Vivenda na que se lle dá o visto bo á memoria de actuacións correspondente á fase 8 do Barrio Histórico de Bouzas.

9. En data 27 de xaneiro de 2012, a Xunta de Goberno Local a proposta da Oficina de rehabilitación acorda: "PRIMEIRO.- Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar incluídas as actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización, dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas, Vigo como obras subvencionables polo Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma. SEGUNDO.- Que se aprobe a memoria – programa á que se refire o artigo 48 do RD 2066/2008 correspondente a 25 actuacións de rehabilitación. TERCEIRO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas. CUARTO.- Que se faculte ao Sr Alcalde para a sinatura do correspondente convenio entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas." Acordo que se remite ao IGVS para continuación do trámite e a sinatura do convenio correspondente.

10. Con posterioreidade recíbese do IGVS a necesidade de incluír na memoria e na ficha formulario do Ministerio de Fomento que se recolla a aportación do concello para os gastos de equipos técnicos, que non estaban incluídos con anterioridade, por estar contratada a oficina con gasto aprobado anualmente. En data 9 de febreiro recíbese nesta oficina por correo electrónico, petición do IGVS, conforme é necesaria a remisión das memorias, ficha e acordo do concello con todos os compromisos económicos.

11. A memoria e a ficha inclúe as aportacións económicas de todos os organismos para a sinatura do convenio correspondente á Fase 18 para a rehabilitación do Barrio Histórico de Bouzas:

REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS:	25 actuacións
MINISTERIO DE FOMENTO (35%)	125.000 euros
XUNTA DE GALICIA (35%)	125.000 euros
PARTICULARES (30%)	107.143 euros
TOTAL	357.143 euros

MINISTERIO DE FOMENTO (20%)	25.000 euros
XUNTA DE GALICIA (20%)	25.000 euros
CONCELLO (60%)	75.000 euros
TOTAL	125.000 euros

MINISTERIO DE FOMENTO (50%)	21.875 euros
CONCELLO DE VIGO (50%)	21.875 euros
TOTAL	43.750 euros

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, proponse,

PRIMEIRO.-. Que se aprobe a memoria – programa e a ficha modelo do Ministerio de Fomento a que se refire o artigo 48 do RD 2066/2008 correspondente a 25 actuacións de rehabilitación.

REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS:	25 actuacións
---	---------------



MINISTERIO DE FOMENTO (35%)	125.000 euros
XUNTA DE GALICIA (35%)	125.000 euros
PARTICULARES (30%)	107.143 euros
TOTAL	357.143 euros

MINISTERIO DE FOMENTO (20%)	25.000 euros
XUNTA DE GALICIA (20%)	25.000 euros
CONCELLO (60%)	75.000 euros
TOTAL	125.000 euros

MINISTERIO DE FOMENTO (50%)	21.875 euros
CONCELLO DE VIGO (50%)	21.875 euros
TOTAL	43.750 euros

SEGUNDO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

TERCEIRO.- Que se faculte ao Sr Alcalde para a sinatura do correspondente convenio entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(204).- APROBACIÓN DA MEMORIA -PROGRAMA E FICHA, MODIFICADAS, DE ACTUACIÓNS SEGUNDO O ARTIGO 48 DO RD 2066/2008 PARA REHABILITACIÓN NO CASCO VELLO- VIGO. EXPTE. 501/431.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 10.02.12, conformado pola concelleira delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, que di o seguinte:

#### *I. FEITOS/ANTECEDENTES*

1. En datas 24.11.1999, 24.11.2000, 02.08.2001, 11.12.2002, 14.07.2003, 20.10.2003 e 26.02.2004 asináronse os convenios de colaboración entre o IGVS e o Concello de Vigo en materia de actuacións na "Área de Rehabilitación Integrada" (ARI) do Casco Vello de Vigo, correspondentes ás fases, 1ª, 2ª, 3ª, 4ª, 5ª, 6ª respectivamente; en datas 27.04.2006, 23.04.2007, 08.11.2008 e 04.12.2008, asínanse os convenios para as fases 7ª, 8ª, 9ª e 10ª para o mesmo ámbito, estas últimas ao abeiro do Plan Vivenda 2005-2008. En datas 22.02.2010 e 29.04.2011 asínanse os convenios correspondentes ás fases 11ª e 12ª ao abeiro do Plan de Vivenda 2009-2012.

2. En data 22.08.06 publícase o Decreto 136/2006 do 27 de xullo, polo que se declara ben de Interese Cultural, coa categoría de Conxunto Histórico, a zona Vella da cidade de Vigo.

3. En data 18.05.07 publícase no BOP a aprobación definitiva do Plan especial de protección e reforma interior para o Casco Vello de Vigo.

4. En data 30.03.09 o Alcalde –presidente do Concello de Vigo a requerimento dos convenios asinados declara a vontade do Concello de Vigo de acollerse ao Programa de axudas a instrumentos de información e xestión do Plan Vivenda e rehabilitación 2009-2012.

5. En data 21.12.2011 recíbese unha comunicación da Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras solicitando Memoria - programa para os obxectivos 2011 da Área de Rehabilitación de Conxunto Histórico do Casco Vello de Vigo, para o financiamento de actuacións de rehabilitación de vivendas dentro do marco da normativa de axudas estatais e autonómicas e do convenio suscrito entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Ministerio da Fomento e informando a concesión a este Concello de 75 actuacións cunha financiación máxima para equipos técnicos adscritos de 74.250€ distribuídas segundo o 50% no 2012 e 50% no 2013, e financiación de obras de rehabilitación segundo as porcentaxes de 20% en 2013, 30% no 2014 e 50% no 2015 da contía total destinada á rehabilitación, e cunha subvención para obras de urbanización e reurbanización do 100% da contía subvencionable a recibir en 2016.

6. No artigo 48 do R.D. 2066/2008 de 12 de decembro , polo que se regula o Plan estatal de vivenda e rehabilitación establécese que a subvención media máxima do Ministerio de Fomento será até o 50% do custo total de rehabilitación de edificios e vivendas cunha contía máxima de 6.600 euros, e até o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.

7. No artigo 47 do D. 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 2066/2008, do 12 de decembro, para o período 2009-2012, establece que a subvención media máxima complementaria ás do Ministerio de Fomento, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, con cargo aos seus orzamentos será de até o 25% do orzamento protexido das obras de rehabilitación de edificios e vivendas, sen que a subvención media poida exceder de 5.000 euros, e até o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.

8. En data 20.07.09, publícase convenio de Colaboración, entre o Ministerio da Vivenda e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a aplicación do Plan estatal de Vivenda e rehabilitación 2009-2012. Na cláusula cuarta “actuacións a cargo de la Comunidad autónoma”, punto 6.4 referido a Áreas de rehabilitación integral de centros históricos e municipios rurais da Resolución do 3 de xullo de 2009 da Subsecretaría do Ministerio da Vivenda establécese que a subvención da Comunidade Autónoma en materia de rehabilitación será ata o 25% do orzamento protexido da rehabilitación de edificios e vivendas sen que a subvención media exceda de 5.000 euros por vivenda, e ata o 30 % do custo das operacións de urbanización e reurbanización sempre que non exceda do 30% da subvención de rehabilitación.

9. En data 18.01.2012 celébrase a 6ª Comisión de Avaliación da Oficina de Rehabilitación da Vivenda na que se lle dá o visto bo á memoria de actuacións correspondente á fase 13 do Casco Vello de Vigo.

10. En data 27 de xaneiro de 2012, a Xunta de Goberno Local a proposta da Oficina de rehabilitación acorda PRIMEIRO.- Que se inicien os trámites necesarios para que podan quedar incluídas as actuacións en obras de rehabilitación e de urbanización e reurbanización, dentro da Memoria Programa de Rehabilitación do Casco Vello de Vigo como obras subvencionables polo Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma. SEGUNDO.- Que se aprobe a memoria – programa á que se refire o artigo 48 do RD 2066/2008 correspondente a 75 actuacións de rehabilitación. TERCEIRO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das

aportacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas. CUARTO.- Que se faculte ao Sr Alcalde para a sinatura do correspondente convenio entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas." Acordo que se remite ao IGVS para continuación do trámite e a sinatura do convenio correspondente.

11. Con posterioreidade recíbese do IGVS a necesidade de incluír na memoria e na ficha formulario do Ministerio de Fomento que se recolla a aportación do concello para os gastos de equipos técnicos, que non estaban incluídos con anterioridade, por estar contratada a oficina con gasto aprobado anualmente. En data 9 de febreiro recíbese nesta oficina por correo electrónico, petición do IGVS, conforme é necesaria a remisión das memorias, ficha e acordo do concello con todos os compromisos económicos.

12. A memoria e a ficha inclúe as aportacións económicas de todos os organismos para a sinatura do convenio correspondente á Fase 13 para a rehabilitación do Casco Vello:

Rehabilitación de edificios e vivendas:	75 actuacións
MINISTERIO DE FOMENTO (33,00%)	495.000 euros
XUNTA DE GALICIA (25,00%)	375.000 euros
PARTICULARES (42,00%)	630.000 euros
TOTAL	1.500.000 euros

MINISTERIO DE FOMENTO (30,00%)	148.500 euros
XUNTA DE GALICIA (25,00%)	112.500 euros
CONCELLO DE VIGO (45,00%)	234.000 euros
TOTAL	495.000 euros

MINISTERIO DE FOMENTO (50,00%)	74.250 euros
CONCELLO DE VIGO (50,00%)	74.250 euros
TOTAL	148.500 euros

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto anteriormente, proponse,  
PRIMEIRO.- Que se aprobe a memoria – programa e a ficha modelo do Ministerio de Fomento a que se refire o artigo 48 do RD 2066/2008 correspondente a 75 actuacións de rehabilitación coas especificacións de financiación seguintes:

Rehabilitación de edificios e vivendas:	75 actuacións
MINISTERIO DE FOMENTO (33,00%)	495.000 euros
XUNTA DE GALICIA (25,00%)	375.000 euros
PARTICULARES (42,00%)	630.000 euros

TOTAL	1.500.000 euros
-------	-----------------

MINISTERIO DE FOMENTO (30,00%)	148.500 euros
XUNTA DE GALICIA (25,00%)	112.500 euros
CONCELLO DE VIGO (45,00%)	234.000 euros
TOTAL	495.000 euros

MINISTERIO DE FOMENTO (50,00%)	74.250 euros
CONCELLO DE VIGO (50,00%)	74.250 euros
TOTAL	148.500 euros

*SEGUNDO.- Que se emitan as correspondentes certificacións acreditativas da aprobación das aportacións do Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.*

*TERCEIRO.- Que se faculte ao Sr Alcalde para a sinatura do correspondente convenio entre o Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia e Concello de Vigo para o financiamento das actuacións sinaladas.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **22(205).- CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN “UNA NOCHE DE VIGO EN MADRID”. EXPTE. 4222/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.02.12, o informe de fiscalización, do 16.02.12, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 14.02.12, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Industria, Comercio, Turismo e PEMES, e a concelleira de Economía, Facenda, Patrimonio e Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o expediente que contén os pregos técnicos e administrativos que rexe-rán a contratación da actuación, “Una noche de Vigo en Madrid” no marco de promo-ción do produto turismo urbano de Vigo, que terá lugar o día 22 de febrero de 2012.

2º.- Aprobar o gasto de 81.420€, IVA incluído, con cargo á partida 43202279904 actividades de promoción turística, do vixente exercicio económico en concepto de contratación do devandito espectáculo.

3º.- Abrir o procedemento de licitación de dito contrato.

4º.- Aprobar a excepción do acordo de Xunta de Goberno Local de data 6 de xuño de 2008 para este contrato, dado o especial carácter da actuación nas especificidades do sector artístico e dar conta da dita excepción ao Pleno.

5º.- Adxudicar o contrato para a actuación de “Una noite de Vigo en Madrid”, a Esmerarte Servicios Artísticos S.L. con CIFB36588432, segundo o procedemento negociado sin publicidade para os supostos de razóns artísticas, o abeiro do artigo 170 da RDL3/2011 de 14 de novembro de 2011 de contratos do sector público.

**23(206).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO LEVANTAMENTO DEFINITIVO DE DEPÓSITO DA OBRA “ASUNCIÓN DE LA VIRGEN, DE LUCA GIORDANO” PROMOVIDO POLO MUSEO NACIONAL DEL PRADO. EXPTE. 4547/337.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, do 28.01.12, conformado polo xefe de Xestión de Promoción Cultural e pola concelleira de Cultura, Festas e Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o levantamento DEFINITIVO de depósito da obra Asunción de la Virgen, de Luca Giordano, nº INV. 342, promovido polo Museo Nacional del Prado, de conformidade coa Orden Ministerial do 26 de maio de 2011. Do citado levantamento de depósito debera darse conta ao padroado do museo municipal na primeira xuntanza que se convoque.

2º.- Trasladar ao Museo Nacional do Prado a necesidade do Concello de Vigo de renegociar o acordo do depósito orixinal das súas obras no Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”; procedendo ao levantamento definitivo daquelas que ámbalas partes acorden conxuntamente, en troques da súa substitución por aquelas outras que igualmente ámbalas partes acorden; garantindo o Museo Municipal a perfecta conservación do conxunto final que se estableza.

**24(207).- PLAN DE OCUPACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVICIOS NAS PRAIAS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2012. EXPTE. 8249/306.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 15.02.12, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

*O Servicio Provincial de Costas de Pontevedra requeriu ó Concello de Vigo, en cumprimento do artigo 111.3 do vixente Regulamento Xeral para o desenvolvemento e execución da Lei de Costas, que antes do vindeiro día 20 de marzo de 2012 remitase a esa delegación o plan de ocupación e explotación dos servizos nas praias do término municipal.*

*Tamén a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (Servizo de Urbanismo) remitiu escrito no que indican criterios a ter en conta na elaboración e explotación dos servizos de tempada nas praias do Concello neste ano 2012 así como prazos para remitir as distintas solicitudes de autorización sectoriais.*

*Elabórese unha proposta de ocupación de acordo coa seguinte distribución:*

DESCRICIÓN	UBICACIÓN	SUPERFICIE EN M2
QUIOSCO 1	Areal da Punta ( A Guía)	20
QUIOSCO 2	Areal de Santa Baía	20
QUIOSCO 3	Areal do Tombo do Gato	20
QUIOSCO 4	Areal do Tombo do Gato	20
QUIOSCO 5	Areal de Argazada	20
QUIOSCO 6	Areal de Samil	20
QUIOSCO 7	Areal de Samil	20
QUIOSCO 8	Areal de Samil	20
QUIOSCO 9	Areal do Vao	20
QUIOSCO 10	Areal do Vao	20
QUIOSCO 11	Areal da Etea	20

*Tódolos quioscos (11) aparecen sinalados nos Planos que se achegan no expediente.*

*No Prego de Prescricións Técnicas de adxudicación destas instalacións turísticas especificarase para cada un dos quioscos a obriga de contar con servizos hixiénicos públicos, así como o seu mantemento. Determinaranse, asimesmo, nese Prego as instalacións que deberán adaptarse para minusválidos.*

*Observouse en tódolos casos, a prescrición de distancias e medidas, especificadas pola Delegación Provincial de Costas a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (Servizo de Urbanismo) .*

*Respecto do quiosco a situarse no areal da ETEA, e aínda que nas solicitudes presentadas por varios particulares nos que solicitaban a instalación nas praias de Rios e ETEA, optase pola instalación dun único posto xa que cubra as dúas, entendendo que este servizo resulta suficiente dada a dimensión das praias.*

*A vista das anteriores circunstancias, PROPONSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:*

*1º.- Aproba-lo Plan de Ocupación e Explotación de Servizos nas Praias do término municipal de Vigo para o ano 2012 tal e como se recolle na parte expositiva de este informe.*

*2º.- Remitir antes do día 20 de marzo de 2012 este Plan de Ocupación e Explotación ó Servizo Provincial de Costas para a súa autorización .*

*3º .- Remitir a a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo) este plan de ocupación xunto coa documentación que o compón, antes do día 31 de marzo de 2012 para que autorice a instalación dos quioscos de temporada a instalar na zona de servidume de protección do dominio público (quioscos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8).*

*4º.- O concello de Vigo obrígase a esixir dos adxudicatarios a constitución da correspondente garantía para responder dos gastos de levantamento das instalacións e xustificará esta circunstancia ante o Servizo Provincial de Costas de Pontevedra.*

*5ª.- O concello garantizará que no procedemento do outorgamento da explotación dos quioscos por terceiros se respectaran os principios de publicidade, obxectividade, imparcialidade, transparencia e concurrencia competitiva.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### 25(208).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e sete minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Isaura Abelairas Rodríguez